

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 4 DE OUTUBRO DE 2011

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día catro de outubro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 28 de outubro de 2011.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a concesión de licenza municipal de instalación dunha explotación gandeira e de licenza de obras de legalización de actividade e construción e ampliación de silos de forraxe en Corral de Abaixo-Calde.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a toma de razón de sentenza firme ditada pola Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal superior de Xustiza de Galicia no Recurso contencioso administrativo número 948/07.

Acórdase a modificación das condicións técnicas e de execución sinaladas no informe do Servizo de Enxeñería, emitido no expediente de concesión de licenza de obras solicitada para legalización de ampliación e reforma de nave existente para fabrica de tubos e accesorios de plástico, con licenza de construción 372/81, sita na rúa da Industria-rúa Agricultura, subparcela 109-110-A.

Tamén se acorda a concesión das seguintes licenzas: para demolición de edificación na rúa río Cabe, número 47; para demolición de edificación existente no número 89 da rúa illas canarias e construción dun edificio na rúa Illas Canarias, números 89-95; para instalación dun surtidor e un depósito en superficie, de 4.000 litros, para a comercialización de aditivos adblue na marxe esquerda da estación de

servizo “Los Claveles”, sita en solo urbano, N-VI, P.K. 504, estrada da Coruña, número 45; para rehabilitación de edificio tradicional (alpendre) existente para uso de restaurante, en solo clasificado como rústico no plan xeral de ordenación urbana, no lugar de Crecente, parroquia de San Pedro de Mera e para instalación de invernadoiro en Vilar-Adai.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a revisión de prezos para o período comprendido entre o 10 de xullo de 2011 e o 9 de xullo de 2012 para a actualización do contrato asinado coa empresa encargada do servizo de prestación de actividades de ensinanza deportiva e servizos complementarios nas escolas deportivas municipais.

ÁREA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E XUVENTUDE

4. XUVENTUDE.- Acórdase a aprobación do proxecto da Ordenanza municipal reguladora de espazos xuvenís do Concello de Lugo.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Acórdase a aprobación do proxecto modificado e complementario de melloras presentado en data 27 de setembro e anulación do proxecto aprobado en data 31 de agosto de 2011 na contratación da obra de construción dun edificio dotacional destinado Policía Local e Protección Civil sito en San Fiz na parcela 10-B do quinteiro a do plan parcial de ordenación do sector Sur-K.

- Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios pola traballadora adscrita á sala de exposicións “Uxío Novoneyra” por mor das festas patronais e da aprobación da forma de compensación.

Lugo, 6 de outubro de 2011
A CONCELLEIRA-SECRETARIA EN FUNCÍONS,

Asdo.: María del Carmen Basadre Vázquez